

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº8 · outubro-nadal 2009

1€



Neste número:

Crónica do 17 Maio.

Entrevista a M. Amado.

Viaxe a Cuba (III).



Subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Editorial

Despois dun reconto, que durara nada máis e nada menos que cinco semanas, feito por dúas empresas privadas (unha encargada do reconto propiamente dito e a outra de trata-los datos) o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta comparecía perante os medios para dar conta dos resultados da tan cuestionada enquisa feita aos pais sobre o uso do galego nas catro etapas educativas (Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Ciclos Formativos), promesa estrela de Alberto Núñez Feijóo e “o punto de partida” para a redacción do novo decreto regulador do uso do idioma galego no ámbito educativo.

Se xa devén insólito que o proceso de reconto resultara ser o máis longo de toda a historia de calquera democracia sería, inda constitúe un motivo de maior rareza que non se permitira nel a presenza e a asistencia de observadores externos e non vencellados aos impulsores da consulta. En que consulta da democracia non estiveron presentes apoderados e interventores das diferentes formacións e tampouco puideron asistir ao reconto dos votos? Por que no acto de presentación dos resultados non acompañaban ao secretario xeral o conselleiro de Educación e o propio presidente da Xunta? Por que non se deron datos desagregados da participación no ensino público e no privado?

Vén a conto lembrar aquí un parágrafo dun artigo escrito no 2002 por Anxo Lorenzo, actual secretario xeral de Política Lingüística. Dicía así: “**A ideoloxía do bilingüismo harmónico supón na práctica unha negación da planificación como instrumento real e práctico da transformación da realidade galega**”. Resulta acaído porque sete anos despois, a mesma persoa pero con responsabilidades xa de secretario xeral, afirmaba o 31 do pasado xullo: “**É necesario revisa-los modelos de normalización lingüística asumidos nos últimos 25 anos**”. E engadía: “**A sociedade non valora o suficiente a lingua propia de Galicia e o galego, tanto en Primaria como en Secundaria, aínda non se percibe tan útil coma o castelán**”. Isto denota o fracaso dos plans de normalización do idioma no ensino e da recuperación do seu prestixio cultural, fracaso aínda máis evidente noutros ámbitos sociais, fracaso do que son responsábeis os gobernantes de Galicia, principalmente, pero tamén a burguesía do país e un sector da intelectualidade desleixadas da lingua galega.

En conclusión, esta enquisa non aportou nada a prol do galego, carece de fiabilidade pola súa falta de rigor científico e metodolóxico, por ter sido montada sobre unha monumental falacia que contribuíu a desprestixia-la lingua galega e por constituír un acto máis, dos que adoito vemos, escoitamos e oímos nos medios afíns aos seu impulsores. Tamén, e hai que dicilo, supuxo un gasto recoñecido de 160.999 euros nuns tempos de crise, recorte de prestacións sociais, de peches de consultas e cirurxía na sanidade, de freada nas inversións... e de gastos desorbitados en anagramas con galiñas mentres se recortan mestres e dotacións aos centros e incluso non se abren escolas infantís xa construídas.

Escribiu Max Weber: “**Un é o que fai**”. Aquí queda constancia para o que proceda. A misión dun presidente e a do seu goberno en materia lingüística debe ser sempre e ineludiblemente a de sosegar e tranquilizar e nunca a de crear problemas e crispas á sociedade.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Reportaxes	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páxs. 6 e 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Páxinas literarias	páx. 10
Reportaxe	páx. 11
Viaxes	páxs. 12 e 13
Arte	páx. 14
Foto Antiga	páx. 15
Os papeis de Añón	páx. 16
Suplemento Páxinas Centrais	
Francisco Añón.	

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

xoga á

LOTERÍA DO NADAL

coa



**Adquire a túa participación
do número**

77.984

Na Serra en:

**Restaurante Amanda, Kiosko Vicente
e Cervexería O Anexo.**

En Noia en:

Pub Ummagama

Actos Sociais

O pasado 2 de agosto, ó pé dos carballos que dan sombra ao merendeiro situado xunto á ponte do Areal, celebrouse a churrascada que a Asociación *Terra de Outes* organiza cada ano para os seus membros e colaboradores. Os 15 kgs. de carne e 55 chourizos crioulos consumidos foron asados polo noso socio Francisco Balayo, “Pancho”, quen, como é habitual, colmou de satisfacción a todos os nenos e maiores asistentes, que prolongaron a sobremesa ata a caída da que foi primeira tarde de verán despois dun xullo espantoso.



Un mes e dez días máis tarde tivo lugar a paella anual, que nesta ocasión elaborou Xesús Mato para os 25 socios, algúns acompañados dos seus vástagos, reunidos na que fora vella escola de Outes, edificio que tras ser restaurado foi cedido polo concello á nosa Asociación para as súas actividades. Logo de comido con frución o arroz ben repleto de ameixas e berberechos do Freixo, os alí congregados gozaron dun pequeno recital musical que, en ton íntimo, lles ofreceu o cantautor “Xastre”, outro dos grandes creadores outenses que dan lustre a esta Asociación.



Inauguración do Xardín da Memoria

O pasado 18 de xullo, en torno ao monumento que a nosa Asociación ergueu no lugar onde caera abatido o deputado republicano Luis Barrena, inaugurouse un xardín que, seguindo a dirección e o empeño perfeccionista do noso socio Rafael Fontenlos, “Fali”, vén dar a dignidade que se merece o recordo de todos aqueles homes e mulleres que sacrificaron a súa vida ou a súa liberdade por defender a legalidade constitucional fronte á sublevación militar que serviu para instaurar o infame réxime franquista.

O acto, que comezou coa intervención musical de Emiliano Mourenza, foi seguido dos discursos do presidente da Asociación *Terra de Outes*, Xoán X. Mariño, e o profesor de Historia da Universidade de Santiago, Lourenzo Fernández Prieto, quen se referiu á necesidade de recuperar a memoria de todas aquelas persoas que sufriron na súa carne a violencia asañada das forzas que apoiaron o golpe de Estado protagonizado polos militares en xullo de 1936 contra a II República.

Unha nova interpretación de gaita de Emiliano Mourenza para pechar o acto levantou os aplausos calurosos das máis de setenta persoas que acudiron ó Freixo a render homenaxe ás vítimas do franquismo de Outes e Muros.



III Muñada

Baixo esta denominación vanse celebrar en outubro unhas *Xornadas de exaltación do patrimonio cultural*, que, tras as adicadas ós muíños, no 2007, e ó traxe galego, no 2008, nesta ocasión, como nas vindeiras, van estar centradas na figura de Francisco Añón, para ir preparando o bicentenario do poeta, que terá lugar no 2012.

Por este motivo, no seo destas xornadas, vaise realizar unha conferencia que impartirá o estudoso Ramón Blanco, a presentación dun número especial da revista *Terra de Outes* adicado a Añón e un recital de poesías do noso insigne escritor que, ó igual có pasado ano, ó remate das xornadas organizadas pola nosa asociación con ocasión do 130 aniversario da morte do poeta, vai estar protagonizado polos alumnos e alumnas dos centros escolares do noso concello.

Completarán esta *III Muñada* unha exposición de fotos antigas de Outes, a presentación dun libro de poemas do escritor outense, emigrado no Brasil, Gonzalo Armán, a proxección dunha curtametraxe do falecido director Chano Piñeiro e outras tres charlas a cargo de: Clodio González, membro do padroado do Museo do Pobo Galego; Aurora marco, profesora da Universidade de Santiago; e Pastor Rodríguez, investigador e escritor. Pecharanse as xornadas cun campionato de trompo e un magosto popular, organizados en colaboración co Concello de Outes.

Naquel mes de Maio

Mingucho Campos

No número 7 da revista *Terra de Outes* escribía sobre os actos celebrados o día 28 de maio na Casa de Cultura con motivo dos actos de entrega do **X Premio Leixaprén** e da homenaxe ao tan recordado poeta outense, **Domingo Sendón Rodríguez**. Neste número pareceume atinado comentar algúns acontecementos, relacionados tamén coa cultura galega e a máxima expresión desta cultura, **a lingua**, tanto antes coma despois da devandita data. Imos alá, pois.

O día 17 daquel mes de maio o concello lugués de Láncara lucía as mellores galas para homenaxear a un personaxe culto, reflexivo, discreto e afábel, a “un grande da cultura galega”, a un intelectual prestixioso, a un político singular e a unha figura histórica do galeguismo, Ramón Piñeiro, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Pero tampouco Ramón Piñeiro se zafou en vida de recoñecementos amigábeis, de críticas, de polémicas e de rifas máis ou menos acedas.

Foron actos dunha homenaxe e dun recoñecemento debidos, dunha homenaxe xusta para facer visíbel a aquel home de enormes dimensións. Foron actos de exercitación da memoria. Porque coida-la memoria do pasado é integralo no presente, darlle vida. Explicao así de ben o escritor Martín Garzo: “Somos o que lembramos. Se ao home o privaran da memoria perdería a súa humanidade. Grazas á memoria non só vivímo-la nosa vida senón a dos demais. A cultura é memoria. As bibliotecas, os museos, os monumentos do pasado son construcións da memoria. Neles gárdanse as pegadas dos feitos e as vidas dos que nos precederon, permitíndonos dialogar con eles e burlar así a morte. A memoria é o máis necesario na vida”.

Tamén ese mesmo 17 de maio unha multitudinaria manifestación, que rebordaba tódalas previsións, percorría rúas e prazas compostelás coreando consignas a prol do idioma galego, desafiando a choiva constante que en ocasións se transformaba nun verdadeiro diluvio. Como adoito sucede nestes casos a concorrencia foi obxecto de diversas valoracións. Mentres a policía contaba 20.000 persoas, a organización da manifestación cifraba a asistencia en máis de 50.000. Este dato, malia te-la súa importancia non deixa de ser secundario. O realmente transcendental é que por primeira vez –que lembre– unha verdadeira marea humana, concienciada e consciente do que

estaba a acontecer, saía en defensa do idioma común.

Ramón Piñeiro e outros galeguistas históricos compartían a necesidade de facer do galego un idioma de encontro do que ninguén se sentise nin estivese excluído. Certamente o idioma non ten siglas, nin ten cor política, nin pode ser vítima tampouco de políticas oportunistas e irresponsábeis. O galego debería ser sempre cerna de consenso entre tódalas formacións partidarias e tería que quedar sempre á marxe de idearios e debates políticos. Xusto todo o contrario do que estaba a acontecer naquel mes de maio. Daí a importancia de coida-la memoria do pasado, porque non hai ningúen máis necesitado e insignificante que a



Manifestación o 17 de maio en Santiago. Foto MNL

Optica  OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

intelectualidade falecida. Basta que deixemos de lembrala para que desapareza para sempre. E o legado de tódolos galeguistas debe permanecer sempre vivo, sempre actual, sempre presente na conciencia dos que por riba de todo queremos vivir en galego sen complexos de inferioridade.

Memoricemos pois. Xullo do ano 1936. O idioma galego e os intelectuais galeguistas foron vítimas dunha implacábel persecución. Durante moitos anos de irracional ditadura considerouse como delito a utilización da lingua propia do país e a militancia galeguista. Utiliza-lo galego era o estigma da barbarie e incultura. Aquel réxime político tiña como obxectivos prioritarios conseguila desgaleguización, a perda da identidade e tronzalo labor galeguizador da intelectualidade e das institucións por ela creadas. Para a consecución destas metas contaba coa inestimábel colaboración da Igrexa, prensa, radio, burguesía e do propio tecido administrativo. Foi tal a política represora co galego que durante unha boa morea de anos a capital cultural de Galicia trasladouse a Bos Aires.

Mais, como nunca cen anos unha mentira e unha irracionalidade perduraron, a intelectualidade do interior, consciente de que aquel réxime se consolidara pola forza que dá a irracionalidade e ía para longos anos, abandonou a loita política trocándoa pola cultural. Fundouse no ano 1950 a editorial Galaxia. Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, Illa Couto, Marino Dónega... crearon este órgano co obxectivo básico de prestixiala lingua e cultura galega. Naceu entón o que se deu en chamar Fronte Cultural Galaxia. Complementada logo coa creación de *Grial*, a *Revista de Economía de Galicia*...

Ramón Piñeiro deslindou a identificación da conciencia galeguista dos posicionamentos políticos e ideolóxicos, separación que lle ocasionou as críticas, polémicas e rifas ás que denantes me teño referido. Explicao así de ben Xesús Alonso Montero: "Sempre tivo moi claro Piñeiro que a "súa" editorial, Galaxia, en canto proxecto cultural (e político) na legalidade, tiña que evitar ser cualificada, pola opinión e polas autoridades, de marxistizante, condición que o Réxime de Franco non ía tolerar nunha editorial que xa era, para o Réxime, "separatista". Así pois, a muller do César tiña que ser honrada pero, sobre todo, parecelo, ou sexa, Ramón Piñeiro, que non era "comunista", sabía que era útil esmerarse en non semellalo" (*As palabras do exilio*, Edicións Xerais de Galicia, 2002). Un bo e claro exemplo do que tomar boa conta, sen dúbida!

Foi aquel o chanzo básico da longa esqueira pola que era preciso subir para gañala batalla da recuperación identitaria e do prestixio cultural. Longa esqueira e de moitos chanzos aos que inda na actualidade non se logrou ascender. O uso da lingua galega no ensino cuestionado. A falta de recoñecemento de Galicia como nación. O desleixo que os dirixentes e a burguesía do país fan do galego. Unha parte da intelectualidade que non está a altura debida e consinte atentados contra o galego. Unha Igrexa instalada no castelán. A administración de xustiza, os medios informativos, o ámbito das notarías, o mundo do comercio, os servizos sanitarios... É indubidábel que as políticas que se están a adoptar respresentan un serio retroceso que prexudica moi seriamente a recuperación da identidade galega e do idioma. Semella que o pouco que se fixo nestes eidos quere anularse. É o mundo ao revés!

Resultaría moi atinado rele-lo discurso de Ramón Piñeiro, A *linguaxe e as linguas*, pronunciado con motivo do seu ingreso o 25 de novembro do ano 1967 na Real Academia Galega, no que estudaba os prexuízos sociolóxicos, lingüísticos e ideolóxicos que afectaban á normalización do idioma. Resultaría moi atinado e conveniente para moitos pseudogaleguistas da actualidade e para

os colonizados mergullados no máis forte complexo de inferioridade, o autoodio. Eu son un máis dos moitos que pensan que o conflito lingüístico sacado da chisteira dos novos magos do bilingüismo harmónico ten como único obxectivo a morte do galego.

"Mentres o tempo da patria non chega,
Mentres non pase o tempo que denigra,
Deixa ese escuro afán que te atafega.
Fuco Buxán, emigra!
(Celso Emilio Ferreiro)

Máis emigración, abofé que non, pero hoxe, posibelmente máis que nunca, faise moi necesario afirmar que a veracidade da información depende das capacidades de crítica e análise dos lectores e oíntes, da ponderación das manifestacións dos informadores e opinantes, das posibilidades de denuncia, independencia e obxectividade de todos. Todo isto, que choca frontalmente coa necesidade que algúns barulleiros, desnortados por conveniencia, senten de apropiárense do que sexa, trátase de Ramón Piñeiro, Castelao, Celso Emilio, Curros..., inda que para iso teñan que falsear e deforma-las ideas e traxectorias destes e doutros galeguistas, vén constituír un motivo máis de fonda preocupación para os que andamos á procura de manernos alonxados da falacia, demagogia e manipulación informativa coas que acotío ousan enganarnos.



Aspecto da praza da Quintana de Santiago o 17 de maio. Foto MNL

JOSEMA
Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : scguerosjosema@terra.es

GASTRONOMÍA

TORTA IRLANDESA

Ingredientes.

175 grs. de galletas DIGESTIVE

55 grs. de margarina

1 culler de azucre moreno

Recheo

225 g de chocolate negro Nestlé Postres

225 g de chocolate con leite Nestlé

55 g de azucre lustre

350 g de queixo de untar

425 ml de nata montada

3 culleres de licor de whisky tipo Baileys

Para adornar

Nata montada

Froita fresca

Elaboración:

Forrar a base dun molde desmoldable de 20 cm de diámetro con papel de aluminio e untar os lados con aceite. Poñer as galletas moídas nunha cazola ó lume, xunto coa margarina e o azucre moreno, a lume suave. Mesturar ben e retirar do lume cubrindo o fondo do molde con esta masa de galleta. Introducir no conxelador 30 minutos aproximadamente. Para o recheo derreter ó baño María os dous tipos de chocolate. Remexer ben e deixar enfriar. Poñer o azucre e o queixo nun bol e bater ata ter unha mestura lisa. Incorporar a nata montada (sen azucre). Amodiño, mesturar co chocolate fundido e engadir finalmente o licor.

Estender o recheo sobre a base fría de galleta, alisando a superficie. Cubrir a torta e deixala no frigorífico 2 horas ou ata que quede ben firme. Desmoldar sobre unha prata e cortar

en porcións pequenas. Servir cunha culler de nata montada e froita fresca.

Receta de Dolores Martínez (profesora do IES Poeta Añón)



SAUDEGALIZANDO

DIETA ATLÁNTICA E POSIBILIDADES DE FACELA (II)

Na Dieta Atlántica, temos o gusto pola **sinxeleza na preparación dos alimentos** para manter a calidade das materias primas e, polo tanto, o valor nutritivo. O emprego da cocción, a prancha, a fritura en aceite de oliva ou as técnicas de empanado, non desvirtúan as características organolépticas e nutritivas das materias primas da Dieta Atlántica.

Mantemento dos hábitos alimentarios tradicionais atlánticos. En Galicia sábese comer e desfrútase diso.

Caracterízase tamén pola abundancia de **alimentos de temporada** locais, frescos e minimamente procesados.

Temos posibilidades reais de cumprir esta dieta? Se consideramos que a pensión media galega é de 559 euros, 110 euros por debaixo do promedio do Estado Español, segundo datos do Ministerio de Traballo, a facilidade para obter os produtos da Dieta Atlántica, vese moi dificultada. Se consideramos que Galicia está á cola de gasto sanitario por persoa e ano, segundo os Colexios Médicos, indicando que mentres en Suíza o gasto por persoa e ano é de 2.400 euros, en España é de 1.200, en Galicia o é de 1.143 euros. Con estas premisas, as dificultades d@s Gales@s para acceder ós produtos da Dieta Atlántica, vense dificultados. Tamén, alguén debería, algunha vez, explicar por que se dan estas diferenzas, sempre en detrimento dos cidadáns e cidadás de Galicia.



Teremos que ter coidado coas chamadas “**dietas milagro**”, que, se ben estamos inmersos nunha sociedade onde segue primando a imaxe de “delgadez”, os prexuízos e efectos secundarios que producen son moito máis prexudiciais que os beneficios.

Noutro extremo, a **obesidade**, que, sendo unha epidemia silente, é considerada como un dos factores de risco cardiovascular máis importante. Moitas veces, é debido á “comida basura” e ás presións na alimentación dos tempos en que vivimos.

Un conxunto de organismos e institucións de recoñecido prestixio, como a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Española da Nutrición (FEN) e a Asociación Galega de Estudos de Dieta Atlántica (ASGAEDA), entre outros, uníronse para converter a **Dieta Atlántica** en referente mundial de **Dieta Saudable**.

Dr. José M^a Dios Diz,
especialista de Atención Primaria
do Concello de Tordoia, A Coruña.
Outes, 27 de Maio do 2009

Cervexería
ESTACIÓN
Burger - Bocatas - Tapas

Avd. do Rocio s/n
Serra de Outes

Telf. 981 85 07 04

OPINIÓN

Hai que roelo ??

Como vén sendo habitual nestes últimos meses, á vista están as obras para o viaduto de Ribademar-Broña, que teremos listo para estrear máis ou menos, canda a casa do Concello, todo un luxo... Xa temos oído multitude de argumentos en pro e en contra deste proxecto, do posible impacto ambiental, e tamén da súa maior ou menor repercusión na economía local –da Serra, máis concretamente–. Non nos tomen por localistas, que non o somos.

En principio moitos dos xerentes de negocios da Serra andan coa mosca na orela, pois non acaban de ver con claridade os posibles beneficios dunha obra dese calado e de tanta influencia na zona. Eles mesmos saben tamén que non están os tempos para facer inversións de mellora en algúns dos casos, pois a incertidume ronda sobre os seus petos...(Cámbiannos o pan por tranquilidade!!).

Por outra banda, tantos millóns para unha obra que “levantará a economía da bisbarra”, así nolo vendían... Oxalá non se equivoquen, pois salíríanos moi caro cada quilómetro de aforro ou cada minuto (dos cinco, máis ou menos), en relación co día de hoxe. Con isto non queremos dicir que non se invirtan cartos no Concello; que é bo non se discute, o que é realmente sangrante e doloroso, é mirar todo o que se perdeu en inversión durante estes últimos trinta anos, pois vergonza nos tería que dar... e moita. Se se tivesen feito os deberes no seu momento, quen sabe, igual teríamos máis sector produtivo, con máis postos de traballo, ou menos paro... Cambiarían tantas cousas...!, pero ata niso tivemos mala sorte. Hai que roelo, pois merecido o temos. Só queda esperar...

Lusco e Fusco

A SACHADORA

Texto: Manolo Lores

- Oe Pepe. Para ti que é máis importante: a ignorancia ou a indiferencia?

- Coño!..., Non o sei nin me importa

Un Sr. de Noia

Xastre

Dende o pasado 4 o 20 de Xullo tuvemos a oportunidade de disfrutar dunha exposición de maquetas de barcos feitas por un sr. de Noia, e non vos poño o seu nome porque non é necesario facerlle máis publicidade gratuita, pois sentímonos defraudados pola actitude de este sr., un artista ..sí, é innegable, e de persoalidade mediocre que non nos merece máis atención... El saberá por qué!!!.

LOTERÍA DO NADAL



Adquire a túa participación do número

77.984



Así SI



Así NON



Ata cando haberá que soportar tanta estupidez en edificios públicos?
Como se non tivese doada solución.

Os Asteleiros

A historia demostra que a tradición na construción de barcos de madeira no concello de Outes vén de tempos moi antigos. A documentación nos rexistros constátanos un enorme desenvolvemento desta actividade nos séculos XIX e XX, con centos de barcos construídos no noso concello nos case corenta estaleiros que se instalaban ao longo da costa. Sen embargo hai indicios evidentes de que esta actividade xa existía séculos máis atrás. A lancha *sancosmeira* é un exemplo de construción propia –como o seu nome indica– orixinaria da Idade Media. Ademais, xa no século XI se confirma a pasaxe de barcos entre Noia e Outes, con peregrinos procedentes de Compostela continuando o Camiño a Fisterra.

Pontenafonso, Ceilán, Espiñeiro, A Serra, Róo, Rates, San Cosme, Broña e O Freixo albergaron multitude de talleres, respondendo á forte demanda por parte dos comerciantes noíeses fundamentalmente, muradáns e doutros puntos, dando vida así a unha actividade que xerou un importante circuíto económico e comercial, sustentado polo transporte marítimo de cabotaxe e a actividade pesqueira e conserveira.

Paquebotes, goletas, balandros, botes, lanchas, motoveleiros, etc., saíron destes talleres durante moitos anos, nos que os carpinteiros da zona incluso eran reclamados para construír barcos noutros lugares –incluso fóra da Galiza–, o que pon de manifesto a sona que acadaron.

A goleta *América*, é o buque de máis envergadura do que se ten noticia construído na Ría de Noia. Era un navío de tres paus, inscrito o 6 de agosto de 1920. Tiña unha eslora de 39,60 metros, 9,26 de manga, 4,97 metros de puntal e a súa tonelaxe era de 407,84 Tns. Foi vendido, a un numeroso grupo de persoas, pola cantidade de 196.500 pesetas do ano 1920.



Con Manuel Amado Castiñeiras

Carpinteiro de ribeira: “Xa non queda xente que faga barcos de madeira”.

Recíbenos no seu taller de O Freixo. Aos seus 62 anos continúa á fronte da xerencia de Astilleros Amado, unha das poucas industrias que conservan esta actividade no noso concello e que, no seu día, significou unha importantísima realidade económica para Outes.

Unha tradición secular.

“...eu inicie a miña formación por indicación de meu pai aos 16 anos na carpintería de Figueiras, en Siavo, porque meu pai, Domingos Amado López, dicíame que tiña que aprender a facer mobles antes que barcos, que os barcos deben facerse seguros, ben rematados e acabados, e confortables”.

Daquela, as embarcacións feitas en Outes tiñan unha enorme sona e nomeadamente, os do Freixo. Sábese das collas de traballadores da zona que eran solicitados para facer barcos en Vigo, Foz, Marín, Cangas e incluso fóra da Galiza. Como mostra, este botón:

“Meu pai incluso traballou en Valencia como mestre carpinteiro uns tres anos e tamén no taller do Meleiro aquí no Freixo, facendo lanchas”.

No taller de Figueiras, Manuel Amado botou uns catro anos e en 1967 xa comeza a traballar no estaleiro de seu pai, pero indicame que xa a tradición a iniciara o seu avó Domingos Amado Froján, a comezos do século XX na baía de Broña e en pleno auxe do sector. En 1930 fundouse o que hoxe é a actual empresa.

Por poñer un exemplo, cóntame que seu avó fixera o balandro *Pepita Hermoso*, de máis de 20 metros e case 80 Tns. feito nos estaleiros de Rates en 1918.

“...daquela facíanse moitísimos barcos: lanchas, veleiros, costeiros, buques de até 300 Tns. e incluso máis,



SUPLEMENTO FRANCISCO AÑÓN

ENSAIOS DE PHISIOGNOMONÍA

Iste estudo, com'o qu'adicamos a Saco e Arce, está feito por un retrato: o retrato mais popularizado do Poeta dos Himnos, feito en dibuxo e reproducido d'abondo en libros, revistas e xornaes, retrato ben mais coñecido da xente que non os versos xa pouco leídos d'Añón. Anque hoxe, co intrés qu'encomenza a espertar o romantismo, non quita que volvan ser traguidos á actualidade.

Foi a personalidade interna de Francisco Añón superior ou inferior á súa obra de poeta? D'un xeito xeral, a obra d'un escritor non é mais qu'aquela parte da súa vida interior qu'o escritor atinou a espresar. Un home calquera que poidera chegar a espresar, a dicir toda a súa vida interior, sería o maior escritor do mundo. No **Ulysses** semella que sequer **dicir todo**, e ata certo punto, tamén no **Portrait**. Mais estas son obras do noso tempo. No tempo d'Añón, o escritor non dicía mais qu'aquello que consideraba dino de ser comunicado ós demais. Estaba n-unha moito meirande dependencia do público do qu'está o escritor de hoxe, e non daba mais qu'unha escolma do seu mundo interior, o que se consideraba **importante** ou **interesante**, contrariamente ó parecer de Ibsen. Por outra beira, eso de **dicilo todo** anque pareza paradoxa, nono pode facer mais qu'un introvertido, coma Joyce ou coma Proust; mais Añón era pol-a contra, un extravertido, com'imos ver. Por todas estas razóns, un estudo fisiognómico d'un escritor do tempo d'Añón poidera dar que nos amostrara un home inteiramente diferente do que revelan os seus escritos.

Veleiquí temos esta caracterizada e forte testa romántica de Francisco Añón, que logo veremos que non tiña nada de forte... Imos ver nil o reverso de Saco e Arce.

A fronte outa, botada pra atrás, o narís prominente, a queixada recollida por adiante, co papo pouco acusado, curto e tendendo á vertical, determinan un perfil acusadamente convexo, que denota unha forte masculinidade, un carate varonil e animoso, optimista e afirmativo. Face carnosa e grandeira, qu'ofrece ó ollar moita superficie, que s'amosta e s'ostenta, e parez franca, apesares de certos sinais de concentración, com'o plegamento das sobrecellas e o bico pechado debaixo do gran bigote. Carateres todos concordantes, com'os qu'agora imos ver.

A fronte despexada, moi ancha, da que vai recuando o cabelo, que semella levado, para atrás por un vento de treboada —o vento de que foi xoguete a vida do gran romántico, do gran viaxeiro, que foi un pouco com'as follas secas que cantou Castor Elices, ánimo incerto, que loita desespradamente co-a sorte, que é o vento qu'axita ises cabelos, botados para atrás, co ise peiteado que n-aquil tempo chamaban **á la Robespierre**, en consonancia co-as ideas do autor do **Himno dos povos**, o qual amosta tamén un bigote **castelarino**, com'as sobrecellas... Añón tiña un dermatoesqueleto republicán... e rematando abaixo n-unhas sobrecellas crespas e enrugadas, forma a parte anterior d'un cráneo braquicéfalo, de gran desenrolo sobre todo en outura, qu'o faría clasificar decididamente no tipo cerebral, senón fora pol-a importancia que semella ter o diámetro bicigomático, que nos leva a telo mais ben coma tipo respiratorio. De todol-os xeitos, esta frente que se vai pra atrás arredándose da vertical, indica o home impulsivo,

arrautado, que pensa pouco o que fai, ou que fai mais do que pensa. Xa emprincipiamos a ver que non era Añón un home forte, un home de vontade sostida, senón d'arrautos, de vontade intermitente, d'alternancias d'optimismo e pesimismo, d'iniciativa e pasividade: un ciclotímico.

O tramo meio da face, que corresponde orgánicamente ó peito e metafisicamente ó mundo intermeio ou vital —a vida (curazón e aparato respiratorio) ten o seu principal asento no peito— ten un desenrolo especial que amosta un espírito inqueda, aventureiro, soñador, utopista: gran diámetro bicigomático, pómulos marcados. Oferce á ouservación, n-iste retrato, caracteres ben dinos d'estudo: tres liñas paralelas descendentes de cada lado da face, que parten do ángulo interno dos ollos, d'enriba das aletas no narís, e dos ángulos dos beizos, e que sucán fondamente as fazulas, marcando os regos da disgracia, do home estragado e traballado pol-a vida, esclerosado, vencido e tristeiro. A carón d'istes tres regueiros das bágoas, pouco fai o narís audaz, cortado na punta, cheo d'acometividade e grandes ideas; pouco fan

ises ollos craros e francos, un pouco saídos para fora; cheos de confianza e lealdade, que nol-o amostan ademais com'un estravertido, un home dado á vida de relazón e con preocupaciós d'orde social preferentes. Cando surtiu á vida Francisco Añón, era xa un vencido, era xa un home entregado ó fado

qui m'emporte
çá e lá
pareille á la
feuille morte...

que diríamos xuntando a inspiración d'Elices á de Verlaine... Condanadas a morte iban as ilusiós qu'enchían aqueles ollos e aquela fronte manífece...

Probe Añón! Era todo espírito. O tramo inferior da face, onde s'amostan os apetitos materiás, está n-il caxequ'atrofiado. Ten unha queixada forte, mais retirada e coma posta en derradeiro termo, recollida, domiñada, escurecida pol-a fronte, pol-o narís, pol-os pómulos.

O bico, que se non pode apreciar n-iste retrato, adivíñase sorridente por debaixo do gran bigote de trunfal xoavilidade, igual qu'os ollos qu'aínda queren rir en contra dos sucos de tristura que n-iles comenzan. Denuncian istes carateres un humorismo confiado e san, verdadeira **bonhomie**, en contraste remarcábele cos plegues preocupados e doorosos do entrecello.

Probe Añón! Non é a súa unha traxedia interior com'a de Saco e Arce, home de firme vontade que se vencía, que s'ollaba a sí mesmo. Non: Añón amóstranos unha sorte de semi-infantilidade sostida moitos anos contra vento e mareia qu'ô fin o venceu. Era un inxenuo; era feble d'alma. Deixábase levar no trebón da vida; era capás de grandes pulos, mais cansaba logo; se non conformaba con soñar o seu soño, e quería atopar na realidade da vida, e tampouco era forte para conformar a vida —ô menos a súa vida— ô qu'era o seu soño. Romantismo dinámico. E, crar'está...

VICENTE RISCO

("Nós", d'Ourense, núm. 51, correspondente ô 15 de marzo do 1928.)



Francisco Añón Paz naceu o 9 de outubro de 1812 na aldea de Boel, freguesía de San Pedro de Outes (imaxe 1). Era o fillo mediano dos tres que tiveron os labregos Vicenta Paz y Rodríguez e Fernando Añón y Taboada. A irmá maior, Nicolasa, tamén compoñería poemas, pero ao ser muller e analfabeta, non puido acadar os resultados do irmán.

Como era afillado do cura de San Pedro de Outes, Francisco Osorio León, non sería estraño que fose este quen lle ensinase as primeiras letras e quen o encamiñase máis tarde a estudar no seminario, que naquel tempo era o cauce natural para o ascenso social. Deste xeito, ingresa no recién creado Seminario Conciliar de Santiago en 1829 e alí estuda tres cursos de filosofía e cinco de teoloxía. Ao rematar os cursos de filosofía solicita á Universidade ser examinado a fin de conseguir o grao de “Bachiller”. Unha vez rematados os estudos de teoloxía vai comezar, en 1837, a carreira de Xurisprudencia (que rematará en 1843) na Universidade compostelá, grazas á íntima relación que existía daquela entre esta institución e o Seminario (imaxe 2).

En 1840 escribe “El médico enamorado”, que é o primeiro poema que se lle coñece, e dous anos máis tarde os primeiros versos en galego: “Un-a carta anónima”. Tamén é en 1840 cando se incorpora como socio constituínte da Academia Literaria de Santiago, unha especie de tertulia que tiña por local os salóns do antigo mosteiro de San Martiño, e cuxo voceiro máis representativo era *El Idólatra de Galicia. Periódico sabatino de literatura, ciencias y artes general, historia, moral y costumbres*. Neste periódico publicará Añón os primeiros poemas, que tamén irán aparecendo en *El Recreo Compostelano*, *El Porvenir de Galicia*, *El Centinela*, *La Aurora de Galicia...* Nesta Academia e ao abeiro destas publicacións, vai coincidir con José María Posada, Antonio Neira Mosquera, Antolín Faraldo, Romero Ortiz, Alberto Camino, Rúa Figueroa e outros estudantes, escritores e intelectuais da época, comprometidos na súa maioría cos ideais liberais e progresistas.

En 1845 escribe un dos seus poemas máis famosos, e un dos primeiros escritos en galego no Rexurdimento: “Recordos da infancia. Égloga” (imaxe 3). Ao ano seguinte, coincidindo co Levantamento de 1846 contra o goberno de Narváez, que tivo o seu triste fin no fusilamento dos “Mártires de Carral” (imaxe 4), e talvez por estar implicado politicamente na revolta, marcha a Portugal, onde permanecerá até 1850. Pouco antes desta partida escribira o tamén sonado poema “A Pantasma”, inicialmente titulado “Alma en pena”. Na cidade de Lisboa (imaxe 5), vai convivir co seu curmán Diego Campos Añón, propietario dunha librería, que estaba casado coa portuguesa Joaquina Rosa, a quen o poeta dedicará algún dos seus textos en portugués. Suponse que estes primos o poñerían en contacto cos círculos culturais da cidade e tense dito que o poeta foi redactor, con Luis Rivera, na *Revista Peninsular*, publicación bilingüe portugués-castelán editada en Lisboa, froito das ideas do federalismo ibérico. Reafirmando a súa aura de poeta revolucionario, está a lenda que lle outorga a autoría dun “*Hino dos povos*” que lle custaría a expulsión ou fuxida de Portugal, e que descoñecemos, pero que quizais se confunda con algún dos outros himnos que el creou e si conservamos. Certamente é esta unha das etapas máis descoñecidas da súa biografía (imaxe 6), e segue a ser enigmática a viaxe que fai por Francia e Italia, acompañando en calidade de secretario a un *lord* inglés apelidado Shawfordt –ou Shawford–, e que puido abranger uns tres anos, de 1850 a 1853. Neste último ano documéntase a súa estadía en Sevilla a través de anuncios na prensa nos que se oferta como profesor de francés e italiano, ao tempo que escribe na prensa da época.

En 1857 está en Madrid, onde continúa ensinando idiomas e facendo xornalismo político, coincidindo coa súa etapa literaria máis prolífica e de maior recoñecemento polos seus contemporáneos. Nesta cidade coñece a Manuel Murguía, que dirixe *El Imparcial*. Ao ano seguinte ve a luz unha das súas poesías de maior logro cómico: “El borracho y el

eco”.

En 1861 celébranse na Coruña os primeiros Xogos Florais de Galicia, certame literario puntal do Rexurdimento, organizado por Antonio María de la Iglesia e patrocinado por Pascual López Cortón. Añón presenta ao concurso, en lingua galega: “A Galicia” –tema e condición que esixían as bases para acceder ao primeiro premio– e “Juegos Florales”. Aínda que este premio vai quedar deserto, o poeta obterá o primeiro accésit. Os outros poemas galardoados estaban escritos en castelán. En 1862 publícase na Coruña o *Album de la Caridad. Juegos Florales de la Coruña de 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos* (imaxe 7), que recolle os textos premiados no certame, así como unha antoloxía poética en galego e castelán. Do de Boel publícanse: “Juegos Florales”, “A Galicia”, “Recordos da Infancia”, “O Magosto” e, en castelán, “El Borracho y el Eco”.

Volve a Portugal en 1866, nunha nova estadía en Lisboa que tamén ten sido explicada atendendo a motivos políticos. De ser certo, buscaría refuxio no país veciño a raíz dos violentos sucesos de 1866, cando a raíña Isabel II volveu recurrir a Narváez para gobernar con dureza.

Parece ser que en 1868 volve a Madrid, e despois fai un percorrido por varios lugares de Galiza (o 7 de agosto está en Ponte Nafonso (imaxe 8), onde asina unha carta dirixida a Diego Campos na que inclúe un fragmento do poema “¡Boé!”). Coincide este regreso coa Revolución de Setembro de 1868, tamén coñecida como a *Gloriosa*, que supuso o exilio de Isabel II e a fin da súa monarquía. Apenas un mes despois de triunfar a revolución, publica o 24 de outubro, en *La Revolución. Periódico liberal de Santiago*, o poema “La Revolución. Himno patriótico, dedicado al pueblo, al ejército y a la armada”, que tamén lle envía a Murguía para que o publique en Madrid. Supostamente, o himno chegou a ser musicado e tamén se publicou na Coruña.

Algúns autores sitúano como libreiro de vello en Santiago por volta de 1869, e a finais do verán dese ano atopámolo en Madrid (imaxe 9), xa definitivamente, formando parte da sociedade republicana federal “La Fraternidad republicana galáico-asturiana”. E aínda é posíbel que nese mesmo ano fose recomendado ao político galego Eugenio Montero Ríos para traballar no “Ministerio de Gracia y Justicia”. Si está documentado o seu nomeamento como “auxiliar de archivo” en 1872, por mediación de Montero Ríos, sendo ascendido a “oficial 3º. del archivo” en 1873, ano no que é cesado do seu posto, coincidindo cun longo afastamento de Montero Ríos da vida política e, curiosamente, coincidindo tamén co breve período da I República.

Varios intelectuais galegos emigrados en Madrid crean en setembro de 1875 a tertulia “Galicia Literaria”, que comeza a celebrarse no domicilio de Teodosio Vesteiro Torres, quen será promotor e secretario desta asociación. Todos os membros aceptan a Francisco Añón como presidente indiscutíbel da mesma. Despois dalgúns problemas internos, esta tertulia disólvese catro meses despois, e en xuño de 1876 tamén Vesteiro Torres lle pon fin á súa vida, motivando unha ferosa e sentida elexía composta polo noso poeta.

En 1877 Francisco Añón aparece como autor da tradución (incompleta) da novela rusa *Los dos amigos*, de “M. J. Tourguenef” nun periódico de Madrid. Escribe o soneto anticlerical “Al papa” e o poema “Á Galicia” que empeza co verso: “De teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!”.

O 14 de abril de 1878 ingresa, “padecendo afecto hepático”, no Hospital de la Princesa, de caridade e beneficencia. Aínda ten na adversidade a ocorrencia de rir de si mesmo na composición “A miña enfermidade”, publicada ese mesmo ano a partir da autógrafa que conservaba Juan Bautista Neira, quen aseguraba que fora composta polo autor poucos días antes do seu falecemento. Morreu nese hospital o día 20 de abril (imaxe 10). Ao día seguinte foi enterrado en sepultura común no madrileño Cementerio General del Norte, pero despois os seus restos foron trasladados ao Cementerio General del Sur, e a día de hoxe están perdidos.

Imaxe 1: Casa natal do poeta, en Boel




Imaxe 2: Vista da catedral de Santiago desde a Alameda



Imaxe 6: Añón, data descoñecida nunha das primeiras fotografías da historia.



Imaxe 3: Manuscrito do poema "Recordos da infancia"




Imaxe 4: Monumento ás Mártires de Carral, inaugurado en 1904 pola "Liga Gallega na Cruña"



Imaxe 5: Lisboa, Praza do Comércio (Terreiro do Paço)

Imaxe 7: Portada do *Albúm de la Caridad*

Imaxe 8: Panorámica da Ponte Nafonso

Imaxe 10: *La ilustración de Galicia y Asturias*, publicou a necrolóxica de Añón e máis o famoso gravado de Ricardo Balaca

Imaxe 9: Madrid, Puerta del Sol



O MAGOSTO*

A noite de san Andrés
clara como unha de vran,
cun bo rebolo na man
e a chupa do revés,
eu ía a paso de can.

Co meu pau á cangalleira,
caído á teima o chapeu,
atruxei de tal maneira
que tembrou a carballeira
soando o atruxo meu.

Aló na beira do río
oíuse outro forte atruxo
e dimpois un asubío:
Era Alberte do Carruxo
que anda de noite ó recío.

Logo que o paso apretei
achámonos fronte a fronte,
rosmoume, eu tamén rosmei,
que anque o Carruxo é valente
a min non me pon a lei.

Ancho sombreiro de palla
con tres buratos na copa
por onde o pelo se espalla,
brancas cirolas de estopa;
tal era a súa pantalla.

Na man traguía ademais
gordo fungueiro dun carro
que era furtado quizais,
na boca aceso cigarro
cuspindo a uso de Cais.

¡Porrr! ¡quen ma empata, carau!,
decía Alberte bruando,
eu contesteille roncando
poñendo a xeito o meu pau,
e fómonos achegando.

—¡Farruco! —¡Alberte! —¿Logo élo?
—¡O mesmo! —¡Ai voto a min!
—¿E de onde ves, pelengrín?
—Do muíño do Portelo.
—No atruxar te conocín.

¿Quen queda alá? —Miña irmán,
amais outro fato delas,
e Minga a túa curmán,
e un bo magosto que fan
xuntando ó lume as canelas.

¿Imos aló? —De camiño.
¿Que levas aí? —É viño.
¿Nesa bota? —Non te engañas.
Vamos pois, dame un traguíño.
—Beberalo coas castañas
ende chegando ó muíño.

Estaban dentro dous mozos
rebuldando coas nenas,
mentres unha das pequenas
atizaba con carozos
o lume feito moxenas.

Cos pés, cun pau e coas mans
daquela na porta encobo,
¡fôra!... ¡fôra!... os perilláns,
mirábanse coma os cans
cando senten preto o lobo.

Botando con furia cega
a porta ó chan decontado,
durante aquela refrega
un meteuse na moega,
outro sae polo tellado.

Achamos unha navalla
con un cigarro encertado,
e un bo sombreiro de palla
de castañas cugulado,
mesturadas con borralla.

Da preñada bota muxo
o licor que se consume,
Minga brinda ó seu Carruxo,
chamándoo polo alcume.

E desta sorte pasamos
a noite con grande gosto,
de parolar nos cansamos,
e defuntado o magosto
coas meniñas rebuldamos.

A fariña se atafega,
rola o muíño moi quedo
¡ai!, o que o que está na moega
foise das augas co medo.

Subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

*Reproducimos (facendo leves modificacións por esixencias de rima) a edición publicada por Fernando Bel Ortega ("en galego normativizado, respetando ó máximo a creación do autor"), en *Poesía en galego*. Francisco Añón Paz (Publicacións Sementeira. Noia, 1989).

A composición apareceu publicada (fragmentariamente: só os primeiros corenta versos) por vez primeira no *Album de la Caridad* (1862). En *Vida e obra de Francisco Añón*, Bel Ortega reproduce o poema a partir da edición das *Poesías de Francisco Añón Paz*, feita por Andrés Martínez Salazar (1889).

A estrofa métrica empregada neste poema costumista é a quintilla (cinco versos de arte menor —aquí octosílabos— con rima consoante pero non fixa, aínda que non pode haber máis de dous versos seguidos coa mesma rima, nin versos soltos, nin final en pareado). No entanto, a estrofa número dez é unha sextilla (seis versos de arte menor, habitualmente octosílabos, que poden rimar de xeito alterno); a última e mais a antepenúltima son cuartetos (catro versos de arte menor, xeralmente octosílabos, de rima consoante: a, b, a, b).

O costumismo é unha temática habitual na literatura do Rexurdimento, pois tenta retratar as condicións de vida do rural, visto de xeito idílico e inocente, como unha reserva de autenticidade galega. Neste caso Añón tamén sabe darlle ao tema do magosto un matiz especial de comicidade e picardía. Nótese o pretendido autobiografismo do texto, ao presentarse o poeta como protagonista do mesmo.



Muíño de Tuñas. Boel.

pero logo foi decaendo...” “...facíanse lanchas e botes incluso lonxe do mar, como aquí na Corga, que logo baixaban en carros até o mar”. “E había que saber escoller a madeira, mellor no inverno, decembro ou xaneiro, cando as árbores están vivas...”

Perguntamos pola carabela *A Galega*, feita por el mesmo en 1987 para unha empresa turística de Canarias, e cóntanos que soubo dela hai uns anos, que seica andaba polas Filipinas a facer películas e que era propiedade dun buscador de tesouros.

Astilleros Amado fabrica modelos propios para o recreo e a pesca: palangreiros, boniteiros, bateiros, lanchas, etc., tendo os seus principais clientes aquí en Galiza e en Canarias, Andalucía e Euscadi...

A fibra pola madeira.

Astilleros Amado foi o primeiro na Ría de Muros que empregou a fibra de poliéster para as embarcacións. Eran os anos setenta do pasado século. As madeiras van, pouco a pouco, substituíndose pola fibra.

“hoxe imponse a fibra, pero na actualidade de crise económica xa notamos a baixada nos pedidos e resulta difícil facer traballos por enriba dos 90.000 euros”.

Historia e tradición conxúganse nesta firma da que o seu xerente suxire que non sería mala idea que alguén se preocupase por un centro de formación aquí no noso concello e, por suposto, un museo do mar.

Aí queda a proposta. Mentres nos despedimos, notamos que no ambiente se aprecia unha leve presenza da fibra. Hai anos o ar vestiase daquel característico incenso que desprendía a madeira e o calafate. Foron outros tempos.

A falta de formación: a desaparición do sector.

Cóntanos que o problema agora é que non hai xente formada, non hai traballadores especializados na carpintería de barcos en madeira, e que no futuro desaparecerá esta actividade, e lamentase: *“os barcos de madeira son outra cousa, son máis mariñeiros que os de fibra, porque son feitos cos deseños tradicionais, o que fai o enxeñeiro, incluso cos de fibra, é facer o plano sobre o deseño previamente elaborado por nós”.*

Amósanos unha copia dos planos orixinais do buque de guerra *Santísima Trinidad*... *“este barco formou parte da Escuadra Invencible, e foi feito na Habana en 1769 polos mestres Mateo e Inácio Mullan, cunha eslora de 70 metros e cun equipamento de 110 canóns e 14 obuses. Hai seis meses viñeron por aquí uns homes interesados en que lles fixese unha réplica do barco, pero non hai obreiros suficientes. Serían necesarios uns 20 obreiros especializados. E non os hai. Díxenlles que era imposible por ese motivo”.*

Matiza e dinos que para formar un carpinteiro de ribeira son necesarios uns oito anos e que non hai escolas para que os traballadores se formen: *“aquí só o meu fillo sabe traballar a madeira, e logo están os de Abeijón e Lago Abeijón, pero son catro ou cinco e todos maiores de cincuenta anos...”*



POEMA

O AMIGO ELADIO LORES

¿Quen son eu de facer memoria
Da súa historia?
Pero con atrevemento vou dedicar
Unhas verbas á súa persoa.

Mestre de profesión,
Das letras e da cultura,
A súa colaboración
No teatro non tivo dúbida.

Gustoulle sempre ensinar
Ós rapaces a actuar,
Con moita dedicación
Para a súa comprensión.

Do mundo do sétimo arte
Ti tamén xa formas parte,
Arte ligado á cultura,
Non como asignatura.

Xuntábalos no descanso
Nunha aula ou nun curruncho,
Asignába-lo reparto
Para face-lo teatro.


Xa chega o día esperado
Está todo preparado,
Comeza a representación
Todos cheos de ilusión.

Cando a obra rematou
Nunca ninguén preguntou
¿Como foi? ¿como pasou?
¿De onde el o tempo sacou?

Gerardo Romero

Outes, 9 de xuño de 2008

Lecturas recomendadas



FRANCISCO CASTRO

XEOGRAFÍAS

Finalista do Premio Narrativa Erótica, 2001. Edicións Positivas, 2001. Colección Narrativas Quentes

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O ÚNICO QUE QUEDA É O AMOR

Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil 2008

Premio Xosé Neira Vilas ao libro do ano 2007 Edicións Xerais, 2007

Nesta ocasión vou recomendar dous libros:

O único que queda é o amor de Agustín Fernández Paz, e *Xeografías* de Francisco Castro.

Estes dous libros están estruturados do mesmo xeito, son unha serie de relatos curtos e ámbolos dous tratan o tema da relación íntima entre persoas. Na obra de Agustín Fernández Paz esa relación está baseada no amor, e no caso de *Xeografías*, trátase de literatura erótica.

O único que queda é o amor, describe personaxes que descubren o amor e tamén o desamor, que notan a forte influencia dese sentimento ata virarlles a vida, relata a emoción deses primeiros amores e tamén do amor experto na vellez, incluso o amor despois da vida. O autor regálanos un elemento común en todos e cada un dos relatos: os libros, como se estes fosen as testemuñas de cada unha das historias.

A edición de Xerais está ilustrada con debuxos dun alacantino, Pablo Auladell.

Xeografías, foi finalista do premio de Narrativa Erótica, 2001. O autor, Francisco Castro, agrupa os relatos en cinco capítulos:

- TEORÍA DO PURITANISMO
- FETICHISMOS SIMBÓLICOS
- O PRACER DE DERRUBAR ÍDOLOS
- A ERÓTICA DO PODER
- A PERVERSIÓN

O CATOLICISMO NO S. XXI (e IV)

SOTANAS MOLLADAS

Olalla Tuñas Martínez

Igrexa e medios

En canto acendamos a televisión e miremos as noticias, a primeira nova que aparecerá sobre a Igrexa será un caso de pederastia dun sacerdote, unha queixa veciñal polo abuso do cura párroco, declaracións dun bispo conservador sobre a homosexualidade, Rouco Varela disfrazado de Pío XII sen audio... Algúns medios debuxan unha cara unívoca do sacerdote: o cura retrógrado, cura dos cartos, imaxe que todos percibimos e asumimos dun ou outro xeito sen pararnos a pensar na cara oculta da Igrexa, neses que silenciosos si fan un labor social importante. As declaracións que saen a relucir provocan rexeitamento a todo o que teña que ver coa Igrexa e adoitamos asumilas coma verdades absolutas irrevogábeis; un símil a ese “amén” ou “así sexa” católico ó final da oración. Asentimos ante as verdades supostamente evidentes; é innegábel que existen cabezas da xerarquía eclesiástica de corte conservador mais tamén moitos outros laicos politicastros teñen un pensamento tradicionalista e ninguén o acaba de dicir.

Todo é un xogo de espellos que reflicten unha realidade parcelada cuxas diferentes partes se verán reflectidas en medios distintos co fin de que o usuario elixa a realidade que quere mirar, omitindo a outra cara. Esta é a verdade que os medios difunden e dentro da esfera máis ou menos real tamén está a Igrexa cos seus pros e os seus contras. Por outra banda, nada fixo o catolicismo por mellorar esa imaxe balorenta que os medios transmitían, até agora, cando os cartos se interpoñen. O que queda claro é que se un non comunica máis que sermóns e mensaxes para aqueles que xa están convencidos e dentro da cúpula clerical, serán eses os temas que cheguen ás casas, ós comedores, ás discusións das familias que non acoden á igrexa e que polo tanto, a única noticia que teñen do seu devir é a do noticiario ou do xornal que mercan diariamente.

O seminarista medio pecha xornais que non abre, asume que os medios menten e terxiversan a información sobre os católicos e a súa reacción é calar e rexeitar, feito que agranda o istmo entre a súa realidade e a dos espectadores, oíntes e lectores, posto que os medios fan patente a desvinculación entre a realidade da Igrexa e a da sociedade.

Futuro

As Igrexas son museos viventes. Os que sentan nos bancos de madeira forman liñas descontinuas. A imaxe chama a atención sobre os ocos baleiros provocados pola falta dun relevo xeracional que faga dos altares, festas. Non semellan seren os mesmos bancos que encheu a Igrexa de sotana e palio. A súa mensaxe dura máis de vinte séculos superando

ideoloxías e réximes, malia isto, ve como faltan mans para socorrer un xeito de vida enfermo. “Estaban afeitos a abrir as portas e que a xente entrara, hoxe hai que ir buscar á xente” porque, na nosa Galiza envellecida, os mozos escasean e os que nacen, ou ben marchan antes de pasar pola igrexa, ou dedican o seu tempo a algunhas das tantas actividades que nos achega o sistema.

Jaime está disposto a superar os valos da construción simbólica da Igrexa, mollar a sotana e buscar a todo aquel que precise da súa axuda e a eses mozos que mudaron de intereses e que só oen campás cando toca a morto. “Como, como o vas facer?”, pregunto incrédula. Ri e contesta: “Se ti queres falar comigo, falarei contigo, non me escondo, comezar por aí”. Tirar do roupeiro o cheiro a friúra e vestir os muros de pedra cun mañá diferente. Jaime opina que hai que retirar o inmovilismo dos curas novos e aprenderlles a saber tratar a xente, a ser persoas próximas.

O cambio non ten porque vir dado polas cabezas visíbeis da xerarquía eclesiástica, que paradoxalmente son as menos coñecidas, senón que debería ser unha mudanza de base



Jaime Iglesias, seminarista da diocese de Mondoñedo-Ferrol.

que atinxise ós membros da Igrexa que están en contacto coa poboación. Cómpre mudar esa actitude de superioridade, os rogos están *demodé* e máis nesta sociedade na que todos somos clase media. Cómpre que se cambien as reverencias por tratos igualitarios e que as esmolos sexan futuro e desagravio, non un negocio. O camiño pasa por manchar os zapatos e implicarse na comunidade, “servir e non esperar ser servidos”. Jaime declárase utópico mais ten claro que a Igrexa sabe adecuarse ós tempos e que atopará o camiño apropiado para achegarse ás *noventa e nove ovellas perdidas* da parábola. O número de *ovellas perdidas* inverteuse sen fariseos, o éxito non está asegurado. O mañá queda en suspensión.

Viaxe a Cuba (III)

Pepe Sacau

Mejunge

En Santa Clara conviven as lembranzas dos momentos mais épicos da Revolución coas esperanzas de superar bloqueos internos, externos, endóxeos e exóxeos. A Revolución está presente nas portas da cidade, en forma de monumentais mausoleos, esculturas e monolitos. Mais existe outra revolución en Cuba que pretende superar vellos atavismos, non exclusivos por certo do país caribeño. Un deles é a homosexualidade, condición humana sometida a condena social por revolucionarios e non revolucionarios, cadros do partido ou declarados anticastistas, comités e opositores; considerada como unha perversión antipatriótica por uns, como pecado anticristián por outros, como práctica antimoral polos de máis aló... en fin, condenada. O Mejunge é un pequeno patio interior descuberto no que de forma semiclandestina existe un "local alternativo" onde se reúnen algúns artistas, onde se bebe e se ama. O de amarse non é raro en Cuba, mas si que o é se o amor se acende entre dúas persoas do mesmo sexo, e aí está o Mejunge. Organizaron para nós unha festa, na que nos amosaron unha boa parte do folclore cubano, que, empapado de "globalización" cultural, integra influencias caribeñas, africanas e europeas. Puidemos ver, entre outras manifestacións populares, as danzas e cantos típicos da santería, adicadas ás divindades do sincretismo, con nomes de novela fantástica: Elegbá, Obatalá, Yemayá, Oshún, Shangó... Ou o danzón, baile de mestura europea e americana que se baila en parella, para o que nos dan unha única instrución: non saír da baldosa. En pago pola súa hospitalidade vímonos na obriga de responder cun pequeno mais representativo repertorio de música tradicional galega que culminou coa bandeira presidindo o "Miudiño", o auténtico himno de Galiza, ese que todos nós, así nos declaremos só galegos, só españois, ou tan galegos como españois, sentimos no máis profundo do noso corazón. E así o sentiron tamén os cubanos que solemnemente nos escoitaron naquela noite que comezou como uns "xogos florais" e rematou como unha catarse de danzas tribais, ritmos caribeños, calor denso e ron. O que vén despois... mellor, o que aconteceu nos dous días posteriores non se pode contar.

Ron

O ron é bebida nacional codiciada dentro e fóra de Cuba, á que os cubanos practicamente non teñen acceso. O ron que destilan en Cuba, de grande calidade, vai destinado principiamente ao mercado internacional e ao mercado interno do turismo. Os cubanos non teñen acceso ás tendas para turistas, salvo en contadas ocasións nas que, como acompañantes dalgún de nós e contando coa complicidade



da dependente da tenda, poden entrar e gastar algún dos dólares que terán gañado no cambio extraoficial de moeda, en propinas ou nos favores sexuais. E nas tendas de turistas hai ron; e ron do bo. A alternativa para o común da xente, que non poderá adquirir ron pero, desde logo, non se resigna a pasar sen beber un trago, é fabricar os seus propios licores na casa. E con esta finalidade vale todo: o proceso é simple. E rápido. Licúan todo tipo de froitas, canto máis doces mellor: papaias, mangos, bananas, ananás. O calor e a humidade fan que o zume fermente en cuestión de días e, segundo indican os manuais ao respecto, debería destilarse, refrixerarse e demais procesos. Pero vai tanta calor e a sede é tan apremiante que deciden pasar por alto todas as fases que non resulten imprescindíbeis. Ben, en realidade pasan por alto todas as fases, salvo o envasado en xarras plásticas coas que se pasean en bicicleta dun lado para outro dándolle grolos a tremendo veneno. Hai quen, aínda sentindo orgullo por tal prodixio da técnica licoreira, invita aos turistas, que por educación deberán dar un pequeno sorbo, dicir que si, que "*buenísimo, mi elmano*" e rexeitar beber máis alegando ser abstemio ou calquera outra excusa que se lle ocorra. Na época do *período especial* Cuba sufriu unha epidemia de cegueira que segundo indicaran máis adiante algúns expertos, puido ser causada pola inxesta masiva destes licores caseiros, que debido á mala fermentación contiñan alcol metílico, altamente tóxico, en lugar do habitual etílico das bebidas espirituosas (tóxico, tamén, aínda que con outros efectos que coñecemos ben).

Bailable

Igual que o ron, a música é unha necesidade en Cuba. Máis aínda que unha necesidade, é algo así como un órgano sen o que non vivirían, como o pulmón ou o estómago. As noites son longas e non hai moito que facer, así que... a bailar. Horas e horas, sen parar. O baile é unha relixión na que o corpo das cubanas e cubanos se converte nun animal autónomo, salvaxe e libre, que se move de maneira imposible para quen non naceu no Caribe: brazos, pernas, cadeiras, cus, tetas, ollos, mans e pés. Todo xunto, como

nunha posesión demoníaca, con ritmos sincopados que nada comparten co noso "*pasito para'lante, pasito para'trás*". O baile cubano, desde o máis popular ao baile de rúa ou ao das consagradas compañías profesionais, é pura exhibición, tanto pola expresividade corporal que desprega como pola potencia física que precisa. Debido ás dificultades que ten para eles o acceso a clubs ou discotecas, principalmente orientadas ao turismo, os cubanos, maiormente os mozos e mozas, organizan o que coñecen como "*bailables*". Un *bailable* é un radiocasete conectado a un par de altosfalantes, todo iso alimentado por unha vella batería de coche e instalado na rúa. E a *bailarrrr* e a *gosssarrrr, mi elmano*. A desinhibición co que o fan é para nós case insoportábel e o episodio cando unha negra de 90 quilos nos saca a bailar é asfixiante, tórrido. O baile non se reduce a mover as extremidades ao ritmo da música, e todo está permitido: tocarse, apalparse, morderse, fregarse. Así aconteceu cunha á quen non fun quen de seguirlle o ritmo. E refírome ao ritmo da música e tamén ao das súas insinuacións, que, despois de fregarse insistentemente contra min, pasaron a ser invitacións explícitas, entre as voces do público daquel glorioso *bailable* que gritaban posesas: —*Sofôcalo, mi amor; apaga ese fuego que te vá a quemál*. Pois non, non deixei que me queimase alegando que alguén agardaba por min ao outro lado do mar, na casta Europa. Imbécil me sentín desde entón sempre que recordo a cara de estupefacción da cubana aquela que, libre de todo absurdo prexuízo, non buscaba nada máis que practicar unha das actividades humanas mais gratas, saudábeis, baratas e vivificantes que existen.

María la Gorda

O paradigma da Revolución chámase María la Gorda. Non, non, María la Gorda non é unha muller de grandes cadeiras



e brazos como armarios, pano anodado na cabeza e saia de tres estadios. Ou ao mellor si que o foi, o caso é que para nós María la Gorda é o lugar que nos fixo ver que hai revolucións que si pagan a pena. María la Gorda é, en realidade, unha praia. Mais non unha praia calquera: posta de sol a trinta graos, cun daiquiri na man, mecéndonos nunha hamaca entre dúas palmeiras, mergullando entre peixes de cores insólitas nunha auga transparente á temperatura xusta. O xardín do edén. E claro, tal estado de benestar non pode máis que levarnos a unha profunda discusión sobre as esencias da felicidade, sobre a condición do ser humano, sobre a inxustiza no mundo, sobre o capitalismo e a loita de clases, sobre os dereitos das clases traballadoras, sobre o papel dos sindicatos e das transnacionais e bla, bla, bla... María la Gorda deunos unha labazada con esas enormes mans que debeu de ter e sacudiunos de vez todos os prexuizos sobre o ben e o mal, sobre as penas e as alegrías que permanentemente nos atormentan como humanos. María la Gorda é a felicidade, para a que normalmente non precisamos máis que unhas poucas cousas que teñen pouco que ver co noso ritmo frenético de vida, arrodeados de vehículos rapidísimos, aparatos electrónicos de todo tipo, movementos vertixinosos de capitais. Abonda coa compañía de amigas e amigos, un daiquiri e unha guitarra: "... *mamá yo quiero saber, de dónde son los cantantes...*".

Aquel día decidimos amar Cuba, con ou sen revolución, aínda asumindo o risco de que o noso sindicato nos abrise expediente por comportamento antiobreiro e burgués.

Pepe Sacau

Louro, marzo de 2009

Crónica libre dunha viaxe a Cuba – verán 1993



O Retábulo de San Cosme cumpre 250 anos

Xoán X. Mariño

Este extraordinario retábulo barroco instalouse na cabeceira da igrexa parroquial no ano 1759, segundo consta nos libros sacramentais, e custou 13.564 réas. Lamentablemente non quedou constancia dos seus autores, pero deberon ser, sen dúbida, artistas importantes porque algúns anos despois Gambino e Ferreiro, escultores de gran reputación na época, cobraban a metade deses cartos por un retábulo de parecidas dimensións para S. Mamede de Carnota. Aínda así, a diferenza quizais estriben en que o de S. Cosme de Outeiro inclúa o prezo da pintura, que debeu ser moi elevado pola gran cantidade de ouro que, en forma de finas láminas, recobre case toda a súa superficie.

Arquitectonicamente está organizado en dous corpos que se separan por medio dun crebado entaboamento e dividido en tres rúas cada un por medio de columnas salomónicas, todas percorridas por motivos vexetais e cintas.

No primeiro corpo, a rúa central leva un pequeno tabernáculo que ampara a un **Neno Xesús**, e sobre el unha fornela na que está instalada a figura de quen se supón que é **S. Damián**, flanqueada por dous **anxos**. Cabezas de anxiños, algunhas placas e adornos vexetais case caligráficos completan a decoración desta rúa central, xunto cunha gran cuncha de vieira enriba da fornela que serve de unión co entaboamento que dá paso ó segundo corpo, sobre o que se asentan dous dinámicos **anxeliños**.

As rúas laterais levántanse sobre un alto basamento no que se atopan senllos medallóns cos evanxelistas S. *Lucas* (dereita) e S.



Vires da Asunción. Retábulo maior de S. Cosme.



Retábulo maior de S. Cosme de Outeiro. Foto: Xogaina.

Mateu (esquerda) entre volutas, acantos, cabezas de anxos, cintas e froitas. Sobre estes relevos ábreanse dúas fornelas coas imaxes de **S. Pedro** e **S. Pablo** respectivamente; enriba deles, outros dous medallóns cos relevos de S. *Xoán Evanxelista* (dereita) e S. *Marcos* (esquerda) con orlas de acantos e volutas moito máis abarrocadas serven para enlazar co segundo corpo, tamén de tres rúas, separadas por columnas salomónicas. Nas rúas laterais, dúas fornelas acollen as belas imaxes de **Santiago Peregrino**, á dereita e **Sta. Bárbara**, á esquerda,. A primeira é unha das de máis fascinante fermosura, non só do noso concello, senón de toda Galicia; a segunda, de igual calidade, destaca pola súa esvelteza, delicadeza de talla e rostro ovalado de increíble dozura.

Sen embargo, a xoia do conxunto é a imaxe da **Virxe María** que, sobre un coro de anxos e nubes, ascende ao ceo. A figura, de talla exquisita, conserva a súa magnífica policromía orixinal, cos seus delicados, pero intensamente brillantes estofados de ouro. Viste túnica decorada con motivos florais, manto azul, tamén adornado de flores, que cae arremuiñado por detrás do ombro e mira ao ceo docemente cunha coroa sobre o seu cabelo dourado.

Cando o contemplamos por primeira vez, hai xa máis de dez anos, o estado de conservación deste fantástico retábulo non era moi bo, pois presentaba numerosas fendas percorrendo as súas columnas, desprendementos de pintura e das láminas de ouro, algunhas madeiras apodrecidas na base e incluso na ancoraxe, ameazando a estabilidade do entramado, pero a última vez que visitamos a igrexa estaba en proceso de restauración. Agardemos que o resultado sexa tan feliz como se merece un dos mellores conxuntos de toda a comarca e, sen dúbida, o que téñan as imaxes barrocas máis fermosas.

Danza Tumultuosa do Espectro Arquitectónico

Manolo do Río

Mas no de esotra parte en la ribera / Dejará la memoria en donde ardía. Coma nos versos de Quevedo, destoutra parte da ribeira do Tines ardeu nos tempos da guerra e de paixóns encadeadas a capela de Santiago. Mais as chamas deste incendio que a asaltaban non eran das metafóricas, e esfarelaron coa pedra vella e o espazo sacral. Corresponderíalle despois ao réxime nacional-catolicista dar comezo á reconstrución nos falsos anos da paz, mais de novo a metáfora insire, tenaz, na construción arquitectónica. Tal como testemuña a fotografía e a realidade actual do que se acerca ao templo, os soños neo-románicos ficaron reducidos á parte baixa do templo, onde o simulacro das arquerías fai un pétreo arco-da-vella por riba duns capiteis ben modestos e lonxanos da reviravolta bestiaría ou naturalista que ascendeu ao alto en San Martín de Frómista ou nos capiteis historiados das catedrais. A reconstrución incompleta transmuta a pedra polo modesto tixolo e encalado e os grosos cristais esmerilados (branco e verde en forma de cruz) que fan un pálido eco das vidreiras.

Mais o lume, coma nos heroes homéricos, consumiu a carne –ou a pedra– que facía de cárcere e prisión inxusta para os anhelos da igrexa. A súa pantasma asenta as raíces e a nova pedra fundacional nas ribeiras máis tépedas e tenebrosas do Leteo; co tempo decide quizais emigrar nunha peculiar viaxe ou peregrinación á Pantasma das Cidades, un espazo plátonico e ideal onde conviven en tumultuosa danza e disharmonía tódalas cidades e edificios que algunha vez foron nalgún lugar da terra. Miles de formas e de estilos estenden en todas as direccións, tecendo un tapiz onde as torres, os minaretes, os pazos e templos e as prazas son coma cores dun cadro, ou notas dunha complexísima e interminábel melodía. A carón de espléndidas avenidas, a Capela de Santiago contempla as estatuas e as árbores mortas, e admírase dunha cidade carente de habitantes vivos e cuxa razón de ser é a de rememorar os espazos perdidos para os homes.

Miramos de novo para o abano matizado de grises da estampa que o tempo quixo apreixar para sempre: o edificio a medio facer evoca o encanto da ruína, a noción do tempo e da prisión de Cronos, o implacábel, o ancián que remata adiantando a todos na carreira. É ben sabido que os arquitectos historicistas de finais do século dezanove gorentaban de construír falsas antigüidades e construcións ruinosas coas que agasallar ao paseante de parques e xardíns. Na peza a medio facer inscríbese un teorema de

posibilidades pasadas ou futuras, espirais de tinta rosada, escarlata e cobalto, e un aviso terminal e certo do carácter inxenuo, ilusorio e da insatisfacción última que conleva a pedra final ou a restauración máis ou menos afortunada. Mellor xogue o espectro e dance a arquitectura invisíbel; despois de todo as pedras *Serán ceniza, mas tendrá sentido*. Na poeira desta cinza erguemos unha nube e escalamos (asaltamos) os ceos para negrumeear dende as alturas e seguir á igrexa inmaterial no seu paseo pola Pantasma das Cidades.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Domingo(s) Sendón, ou apoloxía de Añón polo home duplicado (III)

Ramón Blanco

En 1971, no boletín que contén a Memoria e Balance Xeral do 60º exercicio (ano 1970) da Asociación Unión Residentes de Outes, Domingo Sendón Rodríguez figura na Comisión Directiva como "Secretario de Prensa". Máis adiante, nunha das dúas páxinas dedicadas a "Necrolóxica", menciónase con detalle o cabodano do outro Domingo Sendón, constando, baixo retrato: "DOMINGO SENDON/ (q.e.p.d.)/ 14 julio 1970 – 14 julio 1971" (aproveitamos para rectificar: morreu en 1970, e non en 1971, como erroneamente publicamos no nº 6 da revista). E relátase que o domingo 16 de xullo de 1971 a comisión directiva colocou unha placa recordatoria na súa sepultura, no cemiterio do Oeste. Nacera en Brión, "Actuó desde los lejanos comienzos de la Sociedad, ocupando diversos cargos en la Comisión Directiva, desde Síndico hasta Presidente". En efecto, tal como consta na páxina web da Asociación Civil Unión Residentes de Outes en Buenos Aires (www.residentesdeoutes.com.ar), foi presidente entre 1959 e 1960.

Na mesma necrolóxica lémbrese que "En 1922, mientras ocupaba el cargo de Secretario de la Asociación, se imprimió el libro de las poesías de Francisco Añón, estando a su cargo la mayor parte de tareas con respecto a esta impresión". Trátase da copia-reimpresión da que editara en 1889 Martínez Salazar, na Coruña. Tal como se contempla nunha "ADVERTENCIA EDITORIAL" inserida ao final do volume impreso en 1922 (Buenos Aires, Est. Gráfico J. Estrach): "Los que subscriben, que forman la Comisión Directiva de la "Sociedad Unión Residentes de Outes en Sud - América", creada en Buenos Aires, han resuelto la reimpresión de las poesías de su ilustre conterráneo Francisco Añón, tanto para reverdecir la memoria de éste como para destinar el producto de la venta de ellas a contribuir a la conclusión del edificio de la escuela fundada en Outes por la misma Sociedad y a la colocación de una placa conmemorativa en la casa donde Añón nació". Xa deixamos claro que a dita placa foi a que trouxo en 1925 Domingo Sendón Rodríguez, o poeta. Non sabemos que papel puido ter Domingo Sendón, o que se encargara do libro das Poesías de Añón, na elaboración desta primeira placa, mais a teor do que levamos visto,

ben podemos pensar que foi un dos promotores activos. De feito, volvendo ao texto conmemorativo do seu cabodano, aínda se di que "Cuando las Sociedades Regionales Gallegas en Buenos Aires realizaban sus congresos, Sendón era el único outense que concurría a ellos, con voz y voto" e "En su juventud fue fundador de varias Sociedades Recreativas, entre ellas "La Ibérica" y "La Submarino Peral", en colaboración con el poeta Serrano Clavero". O feito é que houbo dous Domingos Sendón que honraron a doce memoria do Poeta Añón. Ana María Sendón Liste, filla de Sendón Rodríguez, contounos que seu pai lle chamaba "primo" ao outro, con quen mantiña unha boa amizade. Tamén puidemos saber, polo testemuño de Óscar Sendón Olveira, descendente indirecto do Domingo Sendón natural de Brión, que este era fillo de solteira, o cal explicaría que non tivese segundo apelido. A estes dous informantes, así como a Xoán Francisco García, Amanda Caamaño, Domingo Barreiro (e mais os outros dous Domingos): beizón.



Novos Artistas

Título:

O magosto

Autoría:

Xiana Sieira

Esta pintura, elaborada con ceras e rotuladores sobre cartulina, foi galardoada co 1º premio na categoría de 2º ciclo de Educación Primaria no certame onvocado polo concello de Outes xunto coa Asociación *Terra de Outes* en abril de 2008, para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón.

A súa autora, Xiana Sieira, cursaba 4º curso de Primaria no CEIP da Serra.

